

3. A Restauración de Fernando VII e do absolutismo.

Esta composición está baseada na elaborada por Paula Méndez Chacón.

Os seguintes documentos permítennos realizar unha composición de texto histórico sobre a restauración de Fernando VII e do absolutismo (1814-1833).

En 1813, Napoleón centra os seus esforzos na invasión de Rusia, polo que retira tropas da fronte española. Isto causa sucesivas derrotas francesas (Arapiles e Vitoria), e finalmente en 1814 asínase o Tratado de Valençai, polo que Fernando VII recupera o trono. Trala derrota de Napoleón, as principais potencias europeas celebran o Congreso de Viena, co fin de restablecer o *statu quo*. Créase a Santa Alianza, unha unión das potencias absolutistas que xuran defender este modelo fronte ó liberal.

Cando en 1814 Fernando chega a España, faino coa idea de asinar a Constitución do 12 e converterse en monarca constitucional. Pero un grupo de deputados madrileños preséntanlle o Manifesto dos Persas, no que se declaraba a vontade do pobo de establecer unha monarquía absolutista. Fernando asina este documento e decreta nula a Constitución. A volta ao absolutismo é aceptada polo pobo, que vía o liberalismo como unha agresión á relixión.

O primeiro período do seu reinado coñécese como Sexenio Absolutista e abrangue dende o ano 1814 ao 1820. As forzas liberais eran minoritarias e perseguidas polo monarca. Se reúnen en sociedades secretas (masonería) para conspirar en contra do Antigo Réxime e defender a liberdade. Ademais, Fernando incorpora aos combatentes nas guerrillas durante a guerra de Independencia no exército. Moitos dos novos oficias son liberais e desta maneira o liberalismo consegue introducirse no seno do exército. A conspiración e os pronunciamentos de parte do exército se suceden. Pronúncianse a favor da substitución dunha monarquía absoluta por unha monarquía liberal inspirada nos principios da Constitución de Cádiz. Os sucesivos intentos fracasaron e moitos dos seus líderes foron executados.

América latina aproveita a crise da Guerra de Independencia para intentar conseguir a súa propia. O 1 de xaneiro de 1820, entre as tropas preparadas en Andalucía para ir a combater os independentistas americanos, Rafael del Riego (espadón) proclamou a Constitución de Cádiz no Pronunciamento de Cabezas de San Juan. Aínda que só unha parte do exército o secundou, ante o éxito dos pronunciamentos liberais en toda España e ao verse sen apoios, Fernando VII viuse obrigado a xurar a Constitución. O triunfo dos revolucionarios españois causou a coñecida como vaga revolucionaria dos anos 20 en Europa. Volveuse a poñer en vixencia toda a lexislación aprobada en Cádiz. Esta Constitución combinaba liberalismo doutrinario e democrático. Existía unha soberanía compartida, polo que o poder lexislativo dependía dunha cámara, elixida a través da soberanía popular, e do monarca. O poder executivo atopábase nas mans do rei e o xudicial nos tribunais de xustiza. Entre outras medidas, xeneralizábase o pago de impostos a toda a sociedade e declarábase a relixión católica como oficial, non permitíndo a liberdade de cultos.

Ademais levaron a cabo numerosas reformas sociais, económicas e administrativas. O liberalismo atópase no poder por primeira vez en España, o que da lugar a súa división en dúas correntes diferentes. Os moderados e os exaltados (futuros progresistas), enfrontados polo control das institucións. Esta división favoreceu os intentos absolutistas de restablecer o Antigo Réxime, contando co apoio de Fernando VII que nunca acatou sinceramente a Constitución. Esta etapa coñeceuse como Trienio Liberal (1820-1823).

3. A Restauración de Fernando VII e do absolutismo.

Esta composición está baseada na elaborada por Paula Méndez Chacón.

A finais de 1822, o medo á extensión da revolución por Europa, levou as potencias absolutistas da Santa Alianza reunidas en Verona a decidir a súa intervención en España para restaurar o goberno absolutista. No 1823, un exército francés (os Cen Mil fillos de San Luís), dirixido polo duque de Angulema, invade España acompañado por partidas de voluntarios realistas españois. O exército atravesou o país sen apenas oposición e del Riego é executado. Unha vez recuperado o poder absoluto, Fernando abole todas as leis e institucións creadas no Trienio Liberal. Isto implicou unha forte represión contra os liberais, que foron executados ou se exiliaron e continuaron a súa militancia no estranxeiro. Destaca a execución por Garrote vil de Mariana Pineda inmortalizada por Lorca un século despois. Este período coñécese como Década Ominosa ou Absolutista (1823-1833).

Polo tanto, podemos observar que o reinado de Fernando VII consiste nun constante enfrontamento entre liberalismo e absolutismo, predominando o segundo. Este non é un fenómeno único no contexto internacional, o absolutismo tamén é preeminente no resto dos países europeos, sobre todo a causa das accións da Santa Alianza.

No 1829 Fernando VII casa con María Cristina de Borbón e ten dúas fillas: Sabela e Luísa Fernanda, pero a Lei Sálica introducida por Felipe V no 1700 impedía a sucesión no trono ás mulleres, por iso no 1830 Fernando promulga a Prágmatica Sanción, que é a derogación parcial da Lei Sálica e proclama a Sabela herdeira da súa coroa. O seu irmán Carlos e os seus partidarios opóñense e tras a morte de Fernando no 1833, reclama a coroa ao mesmo tempo que a raíña María Cristina de Borbón o fai para a súa filla. Este choque de intereses propicia o estoupido da primeira guerra carlista. Os carlistas seguen unha doutrina tradicionalista, de defensa de deus, do rei e dos foros.

María Cristina busca apoio nos liberais e pacta cos moderados, nomeando ministro a Martínez de la Rosa, establecéndose coma rexente e promulgando unha carta outorgada en 1834, coñecida como Estatuto Real. Esta proposta non foi do agrado de ninguén, pois era demasiado restrictiva, incluso para o movemento moderado.

En Galicia, durante o Sexenio Absolutista destaca o pronunciamento de Juan Díaz Porlier na Coruña, que non tivo éxito. Porén, esta cidade foi decisiva no éxito do pronunciamento de Riego, cando a detención das autoridades reais levada a cabo polos oficiais coruñeses, inspirou a que sucedera o mesmo no resto das cidades españolas.

Como conclusión estamos ante unha época na que a dicotomía entre o absolutismo e o liberalismo resólverase a favor deste último a raíz dun conflito sucesorio e non a raíz dun proceso revolucionario iniciado polos liberais como noutros lugares europeos.